

## ÍNDICE

- 1** O arquitecto capelán Lucas Antonio Ferro Caaveiro e a sua aportación ó Barroco Galego.
- 2** O mundo dos mouros e dos castros. Introducción ó megalitismo e ao seu folclore.
- 3** Informe sobre o Museo Etnográfico de A Capela.
- 4** Museo Etnográfico de Grandas de Salime.

## **"O RETORNO"**

No artigo 4 dos Estatutos da Asociación "Patronato do Museo Etnográfico da Capela" sinálase que esta asociación "*poderá editar traballos, boletins, artigos, monografías ou calquera outra información gráfica sobre temas relacionados cos seus fíns*".

En aplicación disto, plantexámonos na necesidade de editar periódicamente unha revista na que se vaian recollendo por escrito todos aqueles elementos da cultura material e espiritual que se están perdendo ou transformando para coñecelos e conservalos como medio de explicar mellor a realidade presente e poder reflexionar asiadamente sobre o noso futuro colectivo.

Non foi doado atopar un nome que recollese a esencia dese obxectivo. Tras barallar moitos, chegamos a "O Retorno".

**O RETORNO**, é unha pequena construción, abandonada hai medio século, preto do lugar de Teixido. Foi antesala (almacén, cantina,...) da canle e da "cámara" da Central da Ventureira; un edificio que nos conduce (retorna) a un pasado, mais ou menos recente, no que os homes comenzan a abandonar as actividades tradicionais nas fragas polo aproveitamento industrial dos recursos naturais a través da Central hidroeléctrica da Ventureira.

**O RETORNO**, tamén aporta na súa semántica a idea de regreso; de voltar ó lugar do que se procede; ás raíces; á tradición; á cultura popular, ... Unha cultura callada no trascurso de moitos siglos que se manifesta en todo o que rodea ó home (nas súas crenzas, ritos, usanzas sociais, costumes,...) Unha cultura que temos a obriga de conservar e traspasar ás futuras xeracións para que teñan a posibilidade de renova-la.

**O RETORNO** quere ser unha viaxe ó pasado que permita albiscar futuro para toda unha serie de sectores económicos que pouco a pouco están sendo virtualmente aplastados (oficios artesanais, agro-gandeiría,...) ou, pola contra, ofrecen grandes posibilidades de desenvolvemento ó sector turístico.

Conservar o valor do tradicional, a cultura popular, a etnografía, nunha sociedade como a nosa custa moito tempo e traballo; imos tentalo coa axuda de todos, con humildade pero tamén con responsabilidade, conscientes das nosas limitacións. **O RETORNO** nace con carácter de publicación aberta, por iso ofrecemos as súas páxinas a todas aquelas persoas que queiran aportar algo a estes temas etnohistóricos.

Os traballos que se presentan neste número cero de **O RETORNO** están centrados nas ponencias das II Xornadas Museísticas organizadas polo Patronato, e dende hoxe empezaremos a traballar no seguinte número, para que os coñecementos e o "saber facer" do pasado que funcionaron ata tempos recentes ou seguen vivos na memoria dos nosos maiores, non morran, non desaparezan, e se revaloricen; estamos convencidos de que estes valores culturais e patrimoniais teñen cabida nesta sociedade.

Un saúdo.  
A Xunta Rectora

## O ARQUITECTO CAPELÁN LUCAS ANTONIO FERRO CAAVEIRO E A SÚA APORTACIÓN AÓ BARROCO GALEGO.

Por *Serxio Paz Roca*

Licenciado en Historia

*Duarte Basoa Anca*

Licenciado en Historia da Arte

O arquitecto Lucas Antonio Ferro Caaveiro naceu na parroquia de A Capela no ano 1699, é dicir que vai vivir nun momento histórico, artisticamente falando, moi fecundo en canto a autores e obras. Dende a segunda metade do século XVII ata mediados o XVIII, Galicia é partícipe dun fenómeno de transformación das súas arquitecturas, tanto no entorno urbán coma no medio rural. É ademais un período de expansión tanto económica coma demográfica xa que se dá un aumento poboacional baseado no cultivo do millo americano e da pataca, produtos ata entón descoñecidos no abano de cultivos tradicionais dos labregos galegos.

Os principais impulsores da renovación artística, en base ao seu poder adquisitivo, é o clero, tanto secular coma regular. Este elevado poder adquisitivo susténtase no sistema foral, que lle aporta enormes beneficios, permitiéndolle implicarse na renovación das súas antigas fábricas románicas. Non hai que esquecer o cabido compostelán neste impulso renovador, que pola mesma razón (o seu poder económico), e por tratar de conservar a catedral compostelana coma un dos referentes da cristiandade universal, vai empregar a nova opción artística, é dicir, o barroco, para tódalas obras da catedral e para moitas outras, xa que a catedral vai actuar coma foco dinamizador do estilo a nivel galego. Para isto cóntase cos grandes arquitectos galegos do momento, coma Domingo de Andrade, Fernando de Casas ou o noso Lucas Antonio Ferro Caaveiro.

Coma contrapunto ás construcións relixiosas, o outro pilar no que se sustenta a renovación artística, é a pequena nobreza, e maila fidalguía. Construirán edificios civís baixo os criterios do barroco, así coma pazos no mundo rural. Ademais as parroquias rurais contáxianse deste fervor constructivo, e así as familias labregas, darán un novo pulo ás capelas e igrexas do seu entorno.

Como xa dixemos Lucas Antonio Ferro Caaveiro nace na Capela a fins do século XVII, fórbase coma mestre de arquitectura nalgunha cidade galega, probablemente Santiago. 26 anos des-

pois de nacer, estará en Lugo baixo a batuta de Fernando de Casas colaborando coma aparelador na capela da Nosa Señora dos Ollos Grandes da catedral luguesa. Poucos anos despois, no 1731, dirixía as obras da capela de San Roque sita extramuros da citada cidade de Lugo.

Debido á gran cantidade de encargos que recibiu nesta cidade queda alí algúns anos máis, realizando unha das súas obras máis emblemáticas, a Casa do Concello, de 1735, que fai aproveitando un antigo edificio do século XVI, de Pedro de Artigas, edificio de dous pisos cunha gran balconada e pórtico na parte baixa, a modo de *loggia*, permitindo unha interacción coa praza e cos viandantes. Todo o conxunto ten un marcado carácter clasicista, só rachado polas grandes pracas da crebada cornisa que é o que lle dá dinamismo ao conxunto, característica, esta si, propia do barroco. O edificio, simétrico, posúe unha torre en cada esquina. Estas torres están máis próximas, arquitectónicamente falando, dunha construción relixiosa (propia dun Simón Rodríguez), ca dun edificio civil.

Á parte do Casa do Concello, desenvolve toda unha tipoloxía de vivenda civil, que é a súa maior contribución ao barroco lucense. A casa tipo destas construcións, consta de dous pisos e porta moldurada, con balcón e remate heráldico; tipoloxía que perdurará en Lugo ata a introducción do neoclasicismo, precisamente da man do seu fillo Miguel Ferro Caaveiro.

En tódalas obras da súa época lucense, como tamén fará en Santiago, Ferro Caaveiro, toma elementos de Fernando de Casas e de Simón Rodríguez, coma no tipo de torre campanario, a concentración de volumes nas partes altas do edificio, ou a decoración con volutas e grapas ou orelleiras.

Como exemplo máis paradigmático de casa civil na cidade de Lugo atopamos a Casa dos Sangro, construída no 1730, e que é un reflexo do esquema ornamental do coñecido coma "barroco de placas" compostelán.

No ano 1736 comeza a súa etapa compostelá, e nesta mesma data dá as trazas do Colexio dos Exercitantes, hoxe en día Facultade de Filosofía en pleno proceso de obras. Pouco despois cara 1741 encárgase das obras da Ponte Ulla (Concello de Vedra), obra adxudicada por 185000 réas. Neste momento aínda traballa ó pé do seu mestre Fernando de Casas, así, ó seu carón, permanece dende 1741 coma aparelador de obras da catedral, ata o 1749 cando morre Fernando de Casas, pasando Ferro Caaveiro a mestre de obras da catedral. Neste posto estará ata o 1756, período durante o cal remata as obras iniciadas por Casas na fachada do Obradoiro.

Seguindo co devir cronolóxico da súa obra, no 1749, atopámolo traballando ó servizo das monxas bieitas de San Paio de Antealtares, para as cales realizará a galería do mosteiro (só a galería, xa que a parte inferior do edificio atribúese estilisticamente a Fernando de Casas).



Casa do Concello. Lugo

Este período é a época máis álxida do seu decorrer vital, xa que terá multitude de encargos, así a partires do 1751 asume varios encargos do cabido compostelán, entre os que destaca a sá capítular, destruída nun incendio e reconstruída por el. Mesmo chega a facer a mesa da sá capítular, é dicir era un artista polifacético.

Unha das obras máis importantes da vida de Ferro Caaveiro é a Igrexa das Angustias, Santiago de Compostela, hoxe San Froitoso, onde traballará ata 1765, data na que se remata (agás o retablo e outras pequenas obras que se rematarán no 1771). Esta obra ten o seu inmediato precedente na capela da Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo, sobor de todo no que se refire á fermosa cúpula e ós elementos decorativos. A súa fachada, de indubidable beleza, destaca porque foi concebida (por mor da súa situación a un nivel máis baixo de todo o conxunto do obradoiro), para ser contemplada dende un punto elevado, de eiquí que a súa zona superior esté tratada con maior minuciosidade cá parte inferior.

A súa última gran obra é a proxección da fachada da Acibachería da catedral de Santiago, obra que, como veremos, plantexaralle varios problemas, de aí que non a execute el totalmente. No ano 1758, o arcebispo dá consentemento para a súa construción, e este mesmo ano é aprobada polo cabido a planta presentada por Ferro Caaveiro. Nesta obra traballará ó seu lado Clemente Fernández Sarela, outro dos grandes representantes do barroco santiagués. Ambos arquitectos realizarán o corpo baixo da fachada ata que xurden desavenencias co cabido á hora de realizar o corpo superior. Estas desavenencias débense ás novas tendencias chegadas da recién creada Real Academia de Belas Artes de San Fernando (1757), que se vai inclinar polo novo gusto neoclásico.

É esta a razón de que a fachada de Acibachería sexa a que menos paixón suscite entre o gran público, por ser unha fachada híbrida entre as formas frías e ríxidas do novo estilo imposto e a liberdade que ofrecía o estilo barroco. O encargado de construír o corpo superior de corte neoclásico foi outro galego, Domingo Lois Monteagudo, chegado da Academia de Madrid, que se converterá en mestre de obras da catedral santiagouesa no ano 1765.

Outros traballos de menor envergadura na obra de Ferro Caaveiro foron os que realizou na ponte e no camiño do Sar (1756). Tamén traballou na Nosa Señora do Carme de Abaixo, obra realizada a disgusto do arquitecto, pola baixa calidade dos autores que materializan a obra. Outra colaboración de Ferro Caaveiro será a que faga no Hospital Real de Santiago, obra rematada no 1766 e adaptada a unha planta preexistente. Por último contribúe á remodelación de San Lourenzo de Trasoutos (tamén en Santiago).



Igrexa das Angustias. Santiago de Compostela

Lucas Antonio Ferro Caaveiro morre no ano 1770. Segundo sinala Couselo, "non moi rico por certo, pois no cabido do día 24 de marzo deste ano (1770), lese un documento da súa viúva (Dominga Penelas y Vidal), pedindo algún socorro. Concedéronlle 3 reais diarios". Isto é mostra da penuria na que vivían os artistas da época, a pesares da súa importante obra.



Campanario da Igrexa das Angustias

## O MUNDO DOS MOUROS E DOS CASTROS.

### *Unha pequena introducción ao megalitismo e ao seu folclore*

Por Luís Gómez Souto

Arqueólogo e Licenciado en Humanidades

Este pequeno artigo vai ser unha breve introducción ao patrimonio megalítico, no que presentarei tal patrimonio como unha herdanza que vén desde a prehistoria e que recibimos da voz dos nosos avós e pais que aínda sabían as historias das donas que fixeron e viviron nas mámoas. Nosa, de todos, é a voz para que os monumentos megalíticos sexan algo máis que unhas fichas de catálogo no arquivo de arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio, nosa, de todos, é a voz para transmitir a herdanza aos que nos segan.

### *Sobre o Megalitismo*

#### 1. Terminoloxía

O que polo común resulta máis coñecido a nivel popular sobre a época dos megalitos (das palabras gregas mega, grande e lithos, pedra) son os enterramentos. Son tan abundantes en Galiza que en galego existe un gran número de palabras para se referir a eles. Para falar dos túmulos úsase con frecuencia a palabra mámoa (do latín *mammula*, teta pequena). Outras palabras que aluden á mesma elevación que provocan este tipo de enterramento son medoña, medorra ou modia. Na linguaxe técnica os diversos autores galegos que tocan estes temas adoitan usar a palabra galega mámoa, aínda que tamén esta en uso o termo culto túmulo (do latín *tumulus*, outeiro, sepulcro de terra amontoada)

Para falar da cámara funeraria, adóitase usar a palabra anta (do latín *antae*, piar) aínda que existen outros como arca ou forno. Tamén resulta bastante coñecida a denominación culta para as cámaras, dolmen (do bretón *taol*, mesa, *maen*, pedra)<sup>1</sup>.

Tamén bastante coñecido por todos, aínda que no noso país non sexan actualmente moi abundantes, son os menhires (do bretón *maen-hir*, pedra longa). A palabra propia do galego para este tipo de pedras chantadas é pedrafita.



Mámoa na Serra da Loba



Anta de Axeitos (Ribeira)

---

<sup>1</sup> Se ben a formación desta palabra culta colle palabras bretonas, hai que dicir que a palabra usada para dolmén en bretón é taol-vaen e non \*dol-men

## 2. Difusión e cronoloxía

Os enterramentos megalíticos son coñecidos en moi diferentes culturas do mundo e durante distintos períodos históricos. Cando falamos de megalitismo estémonos a referir aos monumentos que se fixeron en Europa entre o V milenio e o II milenio a.C., e que están espallados por todo o continente, cunha gran concentración na zona atlántica.

A súa orixe, a xulgar polas datacións feitas, está na Europa atlántica, se ben non hai evidencias de que nacesse nun punto determinado. Sábese que os restos máis antigos están na Península Ibérica, na Bretaña, en Gran Bretaña e Irlanda.

O período no que se construíron os megalitos (Neolítico) o home pasara de ser un simple recolector a ser un produtor a través da domesticación de animais e da agricultura.

Polos estudos feitos sabemos que xa no século IV a.C. facían enterramentos colectivos, cubríndose de terra e pedras. As técnicas íranse perfeccionando e aparecerán cámaras de corredor. En Galiza moitas delas están orientadas ao solsticio de invernos. Tamén en Irlanda, como acontece en New Grange, as cámaras con corredor recibirían a luz do sol no seu interior no solsticio de inverno. Este feito indícanos o seu coñecemento de astronomía e unhas crenzas das que cada vez sabemos máis.

Os enxovais que deixaron dentro dos enterramentos e representacións artísticas dentro das cámaras demostran que crían nunha vida despois da morte. Os ídolos que aparcan no interior das tumbas, así como as múltiples representacións simbólicas que aparecen entornando aos túmulos para afastar o mal, están a indicarnos un complexo mundo de crenzas do que aínda non sabemos moito en firme.

### *Crenzas entornando aos megalitos*

No folclore de diferentes países europeos recóllese que as antas e as pedrafitas son debidas a unha orixe sobrenatural. Esas pedras tan grandes e pesadas foron, a ollos da tradición popular, postas alí por xigantes.

Na Bretaña as *korrigan*, ou as fadas, son quen transporta as grandes pedras dos monumentos megalíticos. Frecuentemente transportan as pedras sobre a cabeza para ter as mans libres e así poderen ir fiando na roca.

Outra figura bretona que segundo a crenza era a constructora dos megalitos é a *groac'h*, a vella. Esta personaxe do folclore bretón acabou convertido nunha bruxa, seguramente debido a un intento da Igrexa por demonizala.

Sorte parella correu a *Cailleach* irlandesa, unha vella que segundo a tradición construíra a paisaxe nos albores dos tempos. Ela era quen fixera os grandes megalitos. No folclore escocés a *Cailleach* tamén é unha vella.

En Galiza os megalitos son transportados por vellas mouras, que levan as enormes pedras sobre a cabeza ao tempo que ían fiando nunha roca. Outras versións falan de que transportaban as pedras no mantelo. A elas se lles atribúe a construción non só dos megalitos, senón tamén de moitos dos elementos da paisaxe.

---

<sup>2</sup> SOrca ten o significado de arca (Cf. Portugués Orca) e Bella é vella.

Unha lenda recollida a finais do XVI, fala de que en Fisterra había unha vella bruxa moi lonxeva de gran crueldade; o seu nome era Orcabella<sup>2</sup>. Era a súa crueldade temíbel e capacidade de dar morte usábaa con frecuencia, mesmo matando nenos. Un día fixo un sepulcro e enterrouse dentro.

Seguramente o seu nome viñese de Arca da Vella, e segundo a lenda viñera ao país no tempo da guerra contra os mouros, o que, como logo veremos, a sitúa nos primeiros tempos.



Difusión do megalitismo (Fte. Markale, 2000)

Indiscutibelmente as mámoas en Galiza están asociadas aos mouros. Son multitude de lendas as que sitúan a acción dos mouros nestes espazos e a toponimia alude aos mouros cando se refire a mámoas ou a arcas como por exemplo Casa dos Mouros ou Forno dos Mouros.

Segundo a tradición galega, como xa recollera hai anos Risco, os mouros son un pobo pagán que foi expulsado polo Apóstolo Santiago. Aqueles que non fuxiron, refuxiáronse baixo os castros e as mámoas.

Na mitoloxía irlandesa aparecen razas anteriores aos homes que se refuxian nos túmulos para salvaren a vida. Debaixo deses túmulos encóntrase o Outro Mundo. Na literatura céltica medieval aparecen ese túmulos como entradas ao Alén.

A palabra mouro viría segundo a tese de Isidoro Millán do celta \**maruos* (morto). Xa desde idade media se confundiría esta palabra con mouro (do latín *maurus*, mauritano). Xa no Códice Calixtino falábase de que Galiza era rica en tesouros sarracenos, que sen dúbida fai referencia ao ouro lendario dos mouros.

Estes tesouros dos que se fala corresponderíanse por unha parte ao ouro sacado de espolios en lugares arqueolóxicos, pero tamén se corresponderían coa vella crenza (que chega ata os nosos días) de que os mouros eran posuidores de magníficos tesouros.

No século XVII, Vázquez de Orxás recibe permiso para espoliar mámoas, a condición de que entregue á Coroa boa parte dos tesouros conseguidos. Gran número de mámoas foron espoliadas sen que aparecesen restos do tan prezado ouro.

Todas estas crenzas arredor das mámoas e as antas foran obxecto dunha persecución implacábel da Igrexa. Dan boa fe os numerosos concilios que prohiben o culto arredor das pedras, ou a cristianización de moitos espazos megalíticos.

Non se conseguiron arredar as vellas crenzas arredor dos megalitos. Ata hai poucos anos aínda se practicaban en Galiza rituais de fecundidade en lugares megalíticos, tal e como acontecía en Bretaña ou noutros países.

Aquela deusa que construíra a paisaxe e os megalitos no inicio dos tempos tampouco puido ser separada das crenzas do pobo, en troques a Igrexa convertiuna nunha cruel bruxa, tratando de conseguir así que fose rexeitada pola xente.

Como ben apuntara profesor Alonso Romero, as vellas crenzas sobre os megalitos que existen en Irlanda, Bretaña e Galiza, naceron nun momento en que estes países atlánticos formaban parte da mesma cultura.

A cultura que erixiu eses grandes monumentos hai milleiros de anos que deixou o seu legado pétreo, o eco das historias e crenzas que sobre eles se fixeron chegan ata hoxe.

## *O MUSEO ETNOGRÁFICO da CAPELA*

*Secundino García Mera*

Vicepresidente do Museo Etnográfico

### ***"O presente e o futuro constrúense sobre o pasado"***

Para falar do MUSEO ETNOGRÁFICO da CAPELA temos que remontármolos uns 25 anos atrás. Ós inicios do C.E.I.P "Mosteiro de Caaveiro"; a unha escola que practica un ensino contextualizado; unha escola que vive en contacto coa realidade e o medio no que se desenvolven os nenos, para que o descubran e coñezan en tódolos seus aspectos (xeográfico, socio-económico, cultural,..) coa finalidade de que se sintan protagonistas afectivos no mesmo. Froito dese "ideario" xorden un sinfín de experiencias entre as que destaca a creación dunha interesante Colección Etnográfica.

Unha experiencia pioneira no eido do ensino, valorada e recoñecida como tal; hoxe esta Mostra etnográfica forma parte da Rede de Museos de Galicia. Unha colección con innumerables necesidades e carencias; a maioría inherentes a súa peculiaridade: falta de financiación mínima (só conta co presuposto do Colexio), falta de persoal (todo depende do voluntarismo), edificios e instalacións inadecuadas que conlevan unha montaxe asimétrica, amoreamento de pezas, deficientes condicións de conservación, falta de seguridade, freo ó enriquecemento dos seus fondos con máis pezas,...



No ano 2.001 o Concello solicitalle ó Colexio a cesión de pezas para facer exposicións temporais nos baixos da Casa de Cultura. O Colexio contraofertou propoñendo que o mellor sería trasladar a colección completa... na liña de recuperar o vello soño do "Museo da Aldea". Acéptase o reto e constitúese a "Asociación do Patronato Etnográfico da Capela". O primeiro obxectivo é o de "reubicar" axeitadamente as pezas da Colección Etnográfica contando amais coa perspectiva do seu medre.

Desde un principio tense claro que este MUSEO non debe reducirse a unha simple exposición de pezas – máis ou menos interesante – penduradas das paredes ou expostas en vitrinas para que a xente as vexa. Polo tanto “cómpre” atopar marcos ideais (pola súa riqueza patrimonial e autenticidade) para dar testemuña da herdanza que nos legaron os nosos antecesores. Que reunisen esa premisa só se contaba - están cedidos ó Concello- coa posibilidade da ferrería hidráulica de “O Machuco” ( en proceso de restauración) e os muíños de “O Sesín”. Mais estes dous entornos só permitirían acoller unhas seccións moi concretas – aínda que moi importantes- da Colección Etnográfica.

Faltaba xa que logo un espacio central que permitise amosar o groso desta colección e para iso nada mellor que unha casa rural por constituír este tipo de construcións o cerne da etnografía. Logo de barallar diferentes opcións xorde a idea da Casa Rectoral da parroquia de Santiago de Capela no lugar do Pazo. Un espacio ideal ó:

- Ser un edificio emblemático polas súas características físicas e históricas: unha casa de principios do XIX feita en cachotería grande seguindo a tipoloxía da casa de labranza da zona; cunha organización interna axeitada para a súa musealización e cunha finca que permite a ubicación dos elementos anexos dunha casa rural,...

- Ter unha ubicación privilexiada; no lugar do Pazo, a escasos metros da Igrexa Parroquial de Santiago de Capela, lindante co Parque Natural das Fragas do Eume. Aquí comenza o sendeiro que, descorrendo polo antigo camiño medieval, leva ata o Mosteiro de Caaveiro, do cal foi casa prioral.



En xaneiro do 2.002 comencan as xestións co Arcebispado de Santiago para conseguir a cesión desa Casa; estas rematan no mes de xuño de 2.003 coa firma do convenio polo que se lle cede á Asociación esta Casa durante 30 anos, prorrogables por períodos de 2 anos.


A consecución deste edificio tan singular marca sen dúbida o comenzo dun proxecto global ilusionante.. que se complementaría á perfección con outras actuacións en marcha ou proxectadas como: Plan de Ordenación das Fragas do Eume (Xunta de Galicia), Restauración do Mosteiro de Caaveiro (Deputación), rotas de senderismo e áreas recreativas (Concello de A Capela)... e un sinfín de proxectos privados ou de asociacións tendentes ó desenvolvemento local.

A Casa do Pazo será o eixo central do Museo Etnográfico da Capela ... integrado nun futuro próximo por alomenos:

- 1.- A “Casa do Pazo”
- 2.- O Parque Etnográfico de “O Sesín”
- 3.- A Ferrería Hidráulica de “O Machuco”
- 4.- A Escola de Guitriz

. .....

Sen desbotar outras actuacións en función da implicación doutras entidades.



PLANO DE SITUACIÓN



Cada un destes museos xirará ó redor dun centro de interese e todos estarán interrelacionados entre si. Esta Rede deseñarase con argumentos locais e complementarase á súa vez cunha ampla rede de rutas e outras iniciativas .... que permitirán , a través da activación dun patrimonio natural e cultural levar a cabo proxectos de desenvolvemento dinamizadores da comunidade.

A día de hoxe o principal obxectivo da Asociación é poñer a andar a "Casa do Pazo". Nunha 1ª Fase restaurouse a estrutura exterior do edificio (cuberta, cintado de paredes, ventás,..); nunha 2ª Fase acometerase o interior da Casa e a finca anexa ; na 3ª, a musealización do conxunto.

Coa súa musealización pretenderase- mediante unha montaxe expositiva axeitada- amosar como vivía unha familia labrega a través dos utensilios e ferramentas distribuídas en dependencias específicas como a lareira, o forno, o cuarto, o alpendre,..... ou polos corredores e salas con seccións adicadas ás diferentes actividades, oficios....

O proxecto do MUSEO non remata cando se consiga gardar celosamente a película da forma de vivir e traballar dos nosos antepasados a través das diferentes pezas e seccións que se mostren na "Casa do Pazo", no Machuco, nos muíños do Sesín, ou na escola de Guitriz... ¡Noni. Non queremos que o Museo Etnográfico da Capela sexa unha obra morta; que estes espazos sexan cuartos ategados de cousas máis ou menos vellas, todas mesturadas e revoltas sen xeito.

Queremos crear un museo VIVO no que participe a poboación . Un Museo que sexa á vez atractivo, suxerente, práctico e rendible. Un Museo onde se poda:

- Descubrir e valorar o rico patrimonio cultural (material e inmaterial) herdado dos nosos antepasados.
- Contactar con persoas que nos conten os seus saberes e reproduzan as súas formas de vivir e facer.
- Estudiar a cultura popular dunha maneira lóxica, atemperada ós tempos, á evolución e ás novas técnicas.
- Descubrir os alicerces da nosa cultura para comprender a nosa historia e coñecer a nosa identidade.
- . .....

O conseguir ese algo vivo, participativo, suxerente, rendible ...e garantir, polo tanto, a supervivencia do proxecto virá determinado polas actividades que se xeren en torno ó MUSEO e, por suposto, pola capacidade de xestionar e xerar os recursos económicos, materiais e humanos que fagan viable este proxecto. Niso estamos e necesitamos da axuda e colaboración de todos : veciños, entidades, institucións,....

*As utopías hai que telas sempre como punto de referencia e temos que loitar para facelas realidade.*

Secundino García Mera.

## MUSEO ETNOGRÁFICO DE GRANDAS DE SALIME

### *O Museo de Grandas de Salime*

Falar do Museo Etnográfico de Grandas de Salime, é falar da historia de unha obsesión; a do seu creador e director, José Naveiras Escanlar, que dende que empezou a darlle voltas á idea en 1979, non parou ata conseguir que hoxe sexa un dos museos mais visitados de Asturias, con unhas 20.000 visitas anuais. Dende 1989 está rexido por un consorcio integrado polo Concello de Grandas de Salime, as "Consejerías" de Educación e Cultura, de Medio Rural e Pesca, e de Industria Comercio e Turismo do Goberno de Asturias, a Universidade de Oviedo, Cajastur e a Asociación de amigos do Museo.

O Museo inaugurouse no ano 1984, nos baixos da Casa do Concello, e no 1989 trasladouse á antiga Casa Rectoral de Grandas, que mediante un convenio co Obispado, rehabilitouse para este fin, conservando a arquitectura popular asturiana. Expón mais de 3000 instrumentos tradicionais de todo tipo, e a súa ubicación na fronteira entre terras galegas e asturianas, enriquece aínda mais este legado permanente cós enseres que van chegando de ambos dous lados. Pasear por este museo supón refrescar a memoria para uns, e imaxinar o que nunca se coñeceu para outros.



Na guía do visitante do Museo de Grandas, podese ler:

*"Nuestro museo es un testimonio y un homenaje al trabajo y la técnica del hombre en el medio rural, al modo de vida campesino que durante varios siglos imperó en Europa y que todavía hoy mantiene gran parte de la población en el mundo. Muestra la capacidad del hombre para sobrevivir y progresar en un medio natural determinado sin que ello suponga la destrucción de ese medio".*

## *LOS MUSEOS COMO MEDIO DE ACCIÓN CULTURAL Y EDUCATIVA. LOS MUSEOS COMARCALES COMO DINAMIZADORES CULTURALES*

*José Naveiras Escanlar*

Director do Museo Etnográfico de Grandas de Salime

Si partimos de la base que los museos etnológicos, o de artes y tradiciones populares no interesan a los distintos estamentos de la Administración, nos encontramos con que éstos no pueden tampoco, cumplir con la función de dinamizadores de la Cultura.

Trataré de explicar este razonamiento, hablándoles de los problemas, con los que creo se encontraron casi todos los museos, que surgieron en estos últimos 15 años.

No creo equivocarme si digo que desde diversos museos: el de Betanzos, el da Terra de Melide, Liste, Pobo Galego, A Fonsagrada, el de Grandas de Salime, etc... hubo uno sólo que contara con el apoyo desinteresado de la Administración. Quiero decir, que fuera la propia Administración la que tirara del proyecto; tanto Local, Autonómica como Estatal. A ninguno de estos entes le interesó jamás, en manera alguna, las artes y tradiciones del pueblo. Acaso estudios antropológicos, llevados a cabo por licenciados, pudieron, a veces, interesarles.

Desde mi punto de vista, esto tiene una explicación lógica. Lógica, porque el político, como animal que necesita un medio para existir, y este medio son los votos, sabe que éstos no se le escaparán, por no prestar atención hacia ninguna de las formas de cultura popular, y mucho menos si ésta es la del votante popular. Votante que, por cierto, tampoco aprecia en demasía sus propias costumbres. Naturalmente que este defecto, viene de épocas anteriores, porque a veces, amar lo que nos rodea, puede ser necesario que se nos enseñe desde la escuela. Escuela que por desgracia, al igual que otras instituciones culturales, estuvieron (y no me refiero a los maestros) en manos de políticos y como se puede ver, esto crea el círculo vicioso.

Si el sacar adelante un museo fue de por sí, una ardua labor, difícil va a resultar convertirlo en un aula de la cultura popular, si no se contagia, desde la propia escuela, el interés por la historia del pueblo.

A lo largo de varios años de experiencia, pude observar, salvo raras excepciones, que los grupos de escolares, acompañados por sus profesores, pasaban por el Museo como meros visitantes, obligados a hacer un recorrido determinado. Las explicaciones resultaban, a veces, vanas. La premura, con que los propios responsables del grupo, hacían pasar a los alumnos, hacía de estas visitas, un paseo por unos locales, en los que se exponían unos arcaicos medios de trabajo, que carecían de sentido para la mayoría de estos estudiantes, a los que hicieron recorrer en algunos casos, más de 200 Km. en autobús, para no ver lo que el propio Museo les ofrecía.

Si en la escuela queda cubierto el trámite, con desplazar a sus alumnos, poco puede hacer el Museo para interesarlos. Si a lo largo del curso, y máxime en una zona rural, el profesor no inte-



resa al alumno la historia que lo circunda, éste nunca apreciará lo que más tarde se encuentre en el museo que visite, ni tampoco tomará conciencia, el día de mañana, de su propia historia. Y esto creo que corrobora lo dicho anteriormente sobre el votante.

Los museos comarcales no pueden ser dinamizadores culturales de nada. Dado que la precariedad, en la que fueron creados la mayoría, les impide reunir las mínimas condiciones. Precariedad que les hace carecer de espacio, de dotación económica, de personal y medios para que un museo cumpla los requisitos del ICON, (Organismo dependiente de la UNESCO): "La institución permanente que conserva y expone colecciones de objetos de carácter cultural para fines de estudio, educación y deleite".

¿Qué vamos a hacer, los que de una forma apasionada, creamos un museo, si éste no cuenta con el apoyo de las instituciones pertinentes?.

Si al defecto apuntado más arriba añadimos la desgracia de ser estos centros el museo de los pobres, en cuanto a contenido y atenciones oficiales, quedan unos desamparados centros a los que no se presta el apoyo necesario, e incluso a las Consejerías correspondientes, les gustaría deshacerse de los que se nos ha ocurrido tan descabellada idea.

Miren ustedes, es para mí una entelequia, pensar que un museo pueda dinamizar algo, cuando tiene bastante que hacer con subsistir. ¿Qué puede hacer un museo, por ejemplo, como el de Fonsagrada, en Lugo, que hasta llueve en sus locales?, ¿Qué se puede hacer en el museo que yo dirijo, o cuido, en Grandas de Salime, si ni siquiera cuento con espacio suficiente, para hacer una exposición científica perfecta, si me refiero a lo que es, o debiera ser el Museo?; ¿Si no cuenta con un presupuesto, que permita tener a los artesanos trabajando, en las dependencias del mismo, porque éstos, son en definitiva, los que hacen un museo vivo y transmiten su experiencia?. Si interesante es recuperar un útil, más interesante es recuperar la función de éste.

No se si mi visión de las cosas está limitada por mi propia capacidad, pero lo que si les puedo asegurar, es que los museos, o el Museo de Grandas, en este caso, es la cenicienta de la Administración Regional de Asturias. Claro que, al parecer, debo darme por contento, porque según los informes que tengo, en Galicia "*tampouco hay longanizas pa atar os cans*".

Mi criterio, en este aspecto, es que inos podríamos dar por satisfechos, si los museos con los que contamos, pudieran ser dinamizadores, al menos, de sí mismos!. ¿Qué museos, -en Galicia y Asturias- cuentan con personal docente, para que realmente cumplan la función para la que son concebidos?.



En otra de las intervenciones que debo hacer, en otro curso de verano, se me pide que hable de la corresponsabilidad en la defensa del patrimonio rural. Fíjense que se trata de la defensa del patrimonio. No se si alguno de Vds. conoce alguna actuación de las Autoridades para salvaguardar ni patrimonio, ni museos comarcales. Les puedo asegurar, que si algo se salva, es gracias a la tesardudez, de muchos de los que nos empeñamos en llevar a cabo una idea, que los propios responsables de la Administración no apoyan.

Peliga la arquitectura rural; peliga el propio entorno que forman esos lugares y aldeas, peliga por diversos motivos:

1º- El alcalde y corporación de un pueblo no se enfrentan, ni opinan siquiera ante el proyecto que presenta el vecino, elaborado por el arquitecto de turno. No opinan, para no perder votos en elecciones futuras, si el que presenta el proyecto les es afín, y si no para que no ejerza una oposición muy dura.

2º- Los arquitectos proliferan como setas y, naturalmente, no son todos buenos. Por desgracia. la Administración tiene los menos aptos como asesores, por aquello de ir a la baja, o al menor coste, o enchufismo, aunque éste a la larga sea el más caro y perjudicial. Esta circunstancia hace que veamos desaparecer, de año en año, esas construcciones que daban carácter a nuestros pueblos.

Cuarenta y seis (46) personas, arquitectos y urbanistas de Madrid, visitaron el museo de Grandas, hace pocos meses. Antes de que entraran al mismo, les dirigí la palabra, para darles mi opinión, sobre lo que yo consideraba desafortunadas intervenciones en el desarrollo de su trabajo. Centrando la crítica en la restauración del Museo y otras obras en el concejo de Grandas y los Oscos, por ser en los que más conozco actuaciones de verdadera irresponsabilidad. Debo decirles que se hallaba presente, uno de los arquitectos que llevó a cabo el proyecto y dirección, durante la restauración, el edificio que alberga el Museo Etnográfico de Grandas de Salime.

El ejemplo que les puse, de su mal hacer –después de hablar de los distintos aspectos de la arquitectura rural- fue el siguiente:

Si cualquiera de ellos, por necesidades de trabajo, tuviera que desplazarse a China, lo primero que inevitablemente tendrían que hacer , sería estudiar, observar y aprender las formas de construcción propias de aquel país; para desarrollar un trabajo, que la propia demanda del mismo les exigiría. Razonamiento, con el que estuvieron todos de acuerdo, sin saber que yo les diría, a continuación, que en la zona occidental de Asturias, eran los arquitectos chinos, los que proyectaban las obras.

Aunque lo tratado anteriormente, pueda parecer que está fuera del contexto de la dinámica cultural del propio Museo, lo introduzco aquí, porque muy poco es lo que pueden hacer en éste, las personas que lo llevan o gestionan.

Refiriéndome a la Consejería de cultura, del Principado de Asturias, en la que hay una comisión de Patrimonio y que al reunirse en un despacho, poco pueden hacer, si la visión de la realidad, la limitan a cuatro paredes, un sueldo seguro y pocas ganas de defender nada. La Asociación para la defensa del Patrimonio Cultural de Asturias, de la que soy socio honorario, trabaja en pro de salvaguardar este Patrimonio, pero poco se puede llevar a cabo donde la arrogancia y la prepotencia, impiden la actuación de cualquiera que no pertenezca a la propia Administración, o sea, el perro del hortelano....

De poco sirve, que desde el Museo de Grandas, se mande un informe sobre colecciones etnográficas que podían formar nuevos e interesantes pequeños Museo en el Occidente de Asturias, a un bajo coste económico, si la Administración no lo rechazara por sistema.

La política Cultural, llevada a cabo en la Comunidad Autónoma asturiana, les puedo asegurar que es totalmente nefasta.

La exposición de Orígenes, que fue un verdadero fracaso, tuvo un coste de 1.100 millones de pesetas. Este despilfarro repercute indirectamente en todas las instituciones, sobre todo, en el propio Museo de Grandas, que en el presente año vio bajar su presupuesto casi dos millones de pesetas.

Esa misma política, permite que en el Museo Etnográfico, del Pueblo de Asturias, en Gijón, se instale el pabellón que representó a Asturias, en la Expo de Sevilla. El importe, entre traslado y montaje, superará los 700 millones de pesetas. Sin embargo, el citado Museo, podemos decir que no existe como tal.

No se que entenderán los otros ponentes, aquí presentes, sobre los museos, como dinamizadores culturales, pero para mí, me resulta totalmente incomprensible que un museo pueda dirigir ninguna actuación, si carece de todo tipo de medios.

Claro que en este caso, yo me estoy refiriendo siempre, a los museos de los pobres, museos como el de Grandas o cualquiera de esos que existen, porque como dije anteriormente, es gracias a la ilusión de personas determinadas.

Es posible que los anteriores intervinientes mostraran otra visión positiva de la dinámica cultural de los museos. Si es así, los felicito, porque eso demuestra que otros museos, están dotados en todos los aspectos y no pasan por la penuria de la indigencia, improvisación y la vergüenza de querer y no poder.

Disculpen esta heterogénea forma de exponer las cosas. Mis limitaciones me impiden hacer una verdadera y veraz exposición de la realidad. Espero, que aun así, le haya resultado comprensible.

Ahora sólo me resta agradecerles profundamente el que tuvieron a bien escucharme. Decía un vecino mío: *"Quen me dera poder expresar con palabras lo que pensa a mia cabeza"*.

Sras. y Srs., muchas gracias.



CONCELLO DA CAPELA

**O RETORNO**

Edita: Asociación Patronato do Museo Etnográfico de A Capela

Maquetación e Impresión: Eventí-Narón

Depósito Legal:

(C) 2.005